

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Coa promulgación da Lei da Dependencia no ano 2006, aparece no Estado español o dereito subxectivo a recibir coidados, co fin de garantir as necesidades, cubertas ata ese momento, exclusivamente, polas familias. O Servizo de Atención no Fogar (SAF) experimentou, dende entón, un enorme desenvolvemento debido ao incremento das necesidades do servizo.

Así, o comezo da pandemia da Covid acreditou novamente o labor fundamental que desenvolven as traballadoras do SAF como sustento da vida. Pero, pese a encargarse dun traballo cualificado como “esencial” pola sociedade as súas condicións laborais seguen a ser notablemente precarias.

A Plataforma SAF Galiza convocou diversas mobilizacións durante o pasado mes de decembro co fin de denunciar a precariedade que padecen as persoas traballadoras deste servizo -cadros de persoal conformadas maioritariamente por mulleres- e tamén para darlle visibilidade as súas demandas.

Dende o Grupo Provincial Marea Atlántica apoiamos estas demandas e compartimos coa Plataforma SAF Galiza a necesidade de actualizar un convenio colectivo que leva dez anos obsoleto e que ademais está a ser permanentemente incumplido por parte da patronal, afectando a numerosas traballadoras da Provincia da Coruña e de toda Galicia.

Tal e como sinalamos en liñas anteriores, as traballadoras do SAF levan moito tempo denunciando os baixos salarios, os contratos parciais/temporais e as pésimas condicións de xubilación. A todo isto hai que engadirlle a falta de medios cos que realizan o seu traballo asumindo riscos na súa saúde, así como outros problemas relacionados coa saúde mental.

Finalmente queremos subliñar a necesidade de dar resposta as desigualdades de xénero e ao recoñecemento dos coidados como traballo profesional. Asemade, é necesario conceptualizar os coidados como valor público e afastarnos do discurso da responsabilidade individual, en tanto que todas as persoas somos receptoras de coidados. Por tanto, precisamos cuestionar a asociación de coidadora á identidade feminina, convertendo o traballo de coidados nunha responsabilidade social e nunha tarefa non feminizada.

Polo exposto, a corporación da Deputación Provincial da Coruña DECLARA a súa vontade de:

1. Amosar a solidariedade coas persoas traballadoras no Servizo de Atención no Fogar e expresar o apoio ás reivindicacións da Plataforma SAF Galiza e á necesidade de negociar un novo convenio para o sector.

A Coruña, na data da súa sinatura

Evaristo Ben Otero
Viceportavoz do PP

M^a Carmen Muíño Filgueira
Portavoz do BNG

Alberto Lema Suárez
Portavoz da Marea Atlántica

Ángel García Seoane
Portavoz de Alternativa dos Veciños

Bernardo Fernández Piñeiro
Portavoz do PSdeG-PSOE